





COSTA DE XOVE

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2019



Distancia: 30 km (incluídos os desvíos) + camiñadas
Dificultade: media



- 1-Praia de Paraños. Punta Corveiro.
- 2-Praias de Castralto e das Carabullas
- 3-Río de Lago. Illa de Montecelos.
- 4-Praia de Lago
- 5-Monte Areouriña. Praia da Cova.
- 6-Punta Galiño. Praia da Airas.
- 7-Praia e Porto de Morás.
- 8-Peirao. A Gorsela.
Punta da Cabría. Praia da Baleeira.
- 9-Punta de Morás
- 10-As Covas. Os Cangrexeiros.
- 11-Miradoiro da Atalaia.
Alto do Cabalo. Punta de Seños.

- 12-As Insuelas. Ansarón.
- 13-As Malfareixas
- 14-Cova dos Cas. Punta Argonte.
- 15-Praia de Sucasro.
- 16-Punta Merixe. As Abelleiras.
- 17-Ribeira Branca. Porto e praia de Portocelo. Punta da Barrosa.
- 18-Salto do Can. Punta de Mexiluíde. O Madeiro.
- 19-Punta do Año. Ínsua, enseada e peloural da Cal.
- 20-Punta Roncadoira.
- 21-Suleito. Punta Montecelos.

- 22-Enseada e pelourais do Coído
- 23-Punta e ínsua dos Netos
- 24-Punta e peloural de Fontás
- 25-Punta Mansa
- 26-Enseada da Regodela
- 27-Punta Meitón
- 28-Ribeira Caída
- 29-Praia e enseada de Muíñelos
- 30-Punta das Torres e de Canido.
As penas Mouras.
- 31-Praia e enseada de Esteiro
- 32-Puntas de Pardiñas e Robaleira
- 33-Coído e Insuela de Portonovo



O Concello de Xove está situado na Mariña de Lugo, no tramo costeiro coñecido como Arco Cantábrico, chamado tamén Rías Altas, costa orientada ao norte, á beira do mar Cantábrico.

O litoral de Xove esténdese entre as rías do Lieiro e de Viveiro das que tamén ocupa parte das bocas (na de Lieiro desde a praia de Paraños á punta de Morás e na de Viveiro desde a punta de Portonovo á punta Mansa) en total uns 25 km de cantís, os da parte exterior por enriba dos 50 m de altura en moitos puntos, moi recortados dos que sobresaen as puntas de Morás, Merixe, Roncadoira e Mansa, a illa de Ansarón e a saída ao mar do rego de Esparaños en Portocelo, entre eles fórmanse seos que acollen coídos e areasis.

As principais actividades son a gandaría (vacún), a silvicultura, a industria (factoría Alúmina-Aluminio) e a pesca.

Unha pequena parte do litoral está protexida no LIC e ZEPA “Costa da Mariña Occidental”: desde Os Cangrexeiros ata o linde do concello con Viveiro (agás a enseada da Regodela) e áreas mariñas limítrofes.



Agulla rochosa nas proximidades da illa de Ansarón



Illa de Ansarón e As Insuelas



Primula veris subsp. *veris*. En Galiza só se atopa no norte das provincias da Coruña e Lugo.

LIC e ZEPA: COSTA DA MARIÑA OCCIDENTAL

Inclúe as illas Farallóns de Cervo e a costa desde a Enseada, en Morás, ata a frecha do río Sor, na ría do Barqueiro e os illotes fronte a ela. Exclúe os espazos urbáns. A ZEPA inclúe áreas mariñas próximas. O espazo ten un grande interese xeolóxico, paisaxístico e ecolóxico. Podense atopar ecosistemas mariños areosos e rochosos, cantís, dunas e esteiros cunha grande diversidade de flora e fauna.


Os illotes acollen importantes colonias de aves nidificantes, ás que hai que engadir un gran número de aves mariñas nas épocas de paso (carráns, mascatos, corvos mariños...)



Percebes e mexillóns soportan a forza do mar ben suxeitos ás rochas dos cantís

PERCORRIDO

Comezamos na **praia de Lago** e de aí imos ao **portíño de Morás**, logo, por pista de terra, ata a **punta de Morás**. De volta no porto collemos o primeiro desvío á dereita para ir á Aldea de Abaixo e nela á dereita unha estradiña da que, pasada unha curva á esquerda e antes de entrar en outra tamén á esquerda, temos, á dereita, unha pista de terra que nos achega ao mar en fronte da **illa de Ansarón**. Volvendo á estrada seguimos á dereita para pasar pola Aldea de Arriba, collendo, ao chegar ás casas, o desvío da dereita, polo que saímos á estrada. Uns metros adiante temos un desvío á dereita que nos leva a Canelas e a Portocelo. Antes de chegar a Canelas hai un desvío á dereita, por unha pista de terra, que nos permite achegarnos á **punta Merixe**. De volta na estrada pasamos Canelas e chegamos á **praia de Portocelo**. Rodeamos o esteiro e collemos o primeiro desvío á dereita para ir as ruínas da **capela de San Tirso** e nel o do porto. De San Tirso imos a Vilachá para coller a estrada de **punta Roncadoira**, desde onde podemos gozar dunha panorámica de case toda a costa. Volvemos a Vilachá e por unha pista de terra en bo estado podemos achegarnos á **punta Mansa**. De novo en Vilachá, a non ser que queiramos aventurarnos por un ir e vir de camiños, unha vez que saímos da localidade collemos o primeiro desvío á dereita para ir a Ceranzos ao pé do que se atopan as **praias de Muiñelos** e de **Esteiro**. De Esteiro seguimos camiño para chegar ao desvío, de terra, á **praia de Portonovo**, xa en Viveiro, pero que se atopa ao abrigo da **insuela de Portonovo** que é o límite dos concellos, onde rematamos o percorrido.



1-Praia de Paraños e punta Corveiro. Detrás atópase a factoría de Alúmina- aluminio.



2-Praia dos Carabullos



2-Praia de Castralto



3-Río de Lago. Illa de Montecelos.



Esteiro e prais do río do Lago




4-Praia de Lago



Monte Areouriña



Praia da Cova





6-Punta Galiño. Praia da Airas.



O río Rigueira nace nos montes de Buio e ten todo o seu percorrido polo concello de Xove. Desemboca na enseada da Cova, en Morás.



Rampa da antiga factoría baleeira



7-Praia de Porto de Morás.



Peirao de Morás e A Gorsela



Punta da Cabría



Praia da Baleeira



A Cagada



9-Punta de Morás



Punta de Morás



10-As Covas



Os Cangreiros




11-Miradoiro da Atalaia



Alto do Cabalo. Punta de Seños



Vista desde o Miradoiro da Atalaia cara á punta de Moras



12-As Insuelas. Ansarón.



Illa Ansarón



13-As Malfareixas



A Pedrola





14-Cova dos Cas. Punta Argonte.



15-Praia de Sucastro e Coto da Vela, con cantís deta 160 m de altura. Nel houbo un castro do 1.200 a.C.



Cantís de Sucastro



16-As Abelleiras




Punta Merixe



Punta Merixe



17-Ribeira Branca. As Meás






Porto e praias de Portocelo



Enseada de Portocelo ata a punta Ansarón



18-Salto do Can



O Madeiro



Punta de Mexiluíde



Restos da ermida de San Tirso



19-Punta do Año e ínsua da Cal



Ínsua, enseada e peloural da Cal



20-Punta Roncadoira



Faro e cantís da Punta Roncadoira e monte do Castelo.



Vista desde a Punta Roncadoira cara ao Oeste



21-Punta Montecelos e Suleito



Puntas Roncadoira e Montecelos. A Escoura.



Enseada do Coído



Enseada e pelourais do Coído desde o Penouzo



O Penouzo




A Fonte desde O Penouzo



Punta Robaleira



23-Punta e insua dos Netos



Punta dos Netos



24-Punta de Fontás



Peloural de Fontás




Punta Antemil



Vista desde a punta Mansa ata os Netos



25-Punta Mansa



Punta Mansa



Puntas Mansa e Os Netos



Peloural da Mansa



26-Enseada da Regodela e punta Mansa



27-Punta Meitón



Punta Meitón




28-Ribeira Caída



29-Praia e enseada de Muíñelos




30-Punta das Torres



30-Punta das Torres e de Canido



As penas Mouras



31-Praia e enseada de Esteiro



Enseada de Esteiro e punta das Torres desde o Monte Faro



Enseada e praia do Esteiro



Praia de Esteiro



32-Puntas de Pardiñas e Robaleira



33-Coído e Insuela de Portonovo

